

CURSO

AGUZAR O OÍDO

23 claves para escoitar a modernidade

16 outubro 2013 – 30 abril 2014

Emilio Lede Abal (Barro, Pontevedra, 1974)

Emilio Lede comeza os seus estudos musicais da man de seu pai. Estuda piano e óboe, máis tarde composición con Joam Trillo, quen esperta o seu interese pola análise e, finalmente, musicoloxía. Interesado pola interpretación, dirixiu, entre outras agrupacións, o coro de cámara A Laranxa, así como a Nova Orquestra Juan Crisóstomo Arriaga de Majadahonda. As súas liñas de investigación musicolóxica céntranse na historia da harmonía, na relación da análise coa interpretación e nas correspondencias entre a música e as demais artes. Publicou artigos en diversas revistas especializadas –*Relafare, Cuatro42, Diapente* e *Sul Ponticello*–. Deu conferencias de reflexión sobre a escoita e o achegamento á música contemporánea no CGAC de Santiago de Compostela, na galería de arte Lilliput e no Conservatorio Superior de Música de Vigo. No ano 2012, publicou na editorial *Dos Acordes* o libro *Análisis musical y guía para la interpretación. Partita para flauta sola BWV 1013 de J. S. Bach. Sonata para flauta sola de C. Ph. E. Bach*. Colabora regularmente con Fundación Arriaga, ESMAE do Porto, e **Vertixe Sonora** Ensemble, e imparte cursos sobre interpretación en distintos conservatorios de Galicia. Actualmente, é profesor de Historia da Música e Análise, no Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra.

VERTIXE SONORA é un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, sen renunciar ao rigor, á transgresión, e ao espírito de vangarda.

Vertixe Sonora integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para a investigación e a experimentación do son con novos medios e para a creación de tecnoloxía racional do futuro. Dende a súa aparición, converteuse nun referente para a última xeración internacional de compositores do noso continente, que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global e en permanente procura da excelencia artística.

Vertixe Sonora Ensemble é colaborador habitual do Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela), onde desenvolve o Ciclo *Música e Arte: Correspondencias Sonoras, os Talleres de Creación Dixital* do Instituto Galego de Sonoloxía (IGS) e *Causal, Encontro Internacional de Música Contemporánea*. Tamén organiza *sonUTopías*, dentro do campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela; *Do Audible*, música en diálogo coa arte, coa ciencia e co pensamento contemporáneos, promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e o festival Vertixe Vigo.